

O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Estimadas familias,

O noso centro educativo conta cun órgano especializado encargado das labores de orientación educativa e que supón un gran apoio no proceso educativo do centro, a través do asesoramento a mestres, alumnos/as e familias.

Que é o Departamento de Orientación?

É un equipo de Mestres de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica coordinados pola Orientadora do centro. A Orientadora é un membro do equipo docente que vos pode asesorar na labor educativa e orientarvos na procura de solución aos problemas que poidan xurdir.

Ten como **finalidade** acadar a cooperación de toda a comunidade educativa para lograr o desenvolvemento persoal, social e académico de todo o alumnado do Centro. Pretende ser unha ferramenta máis para facilitar o asesoramento, intervención e seguemento psicopedagóxico ao profesorado, alumnado e familias.

Obxectivo principal

Asesorar ás familias en diferentes temas psicopedagóxicos, así como tamén, ao profesorado para mellorar a labor educativa de todos. Así mesmo, o Departamento, en colaboración con pais e mestres teñen como labor fundamental previr e/ou detectar aqueles problemas que se poidan presentar dentro dos procesos de ensinanza/aprendizaxe.



HORARIO DE ATENCIÓN A PAIS

Previa cita, os martes pola tarde ou en horario de mañá os martes, mércores ou xoves de 9:00 a 10:00

A educación dos vosos fillos/as é cousa de todos!

Sabemos que ninguén coma vós para coñecer aos vosos fillos e fillas por iso é fundamental a vosa colaboración e precisamos que nos facilitedes a maior información acerca deles.

Para que poidamos contribuir coa vosa labor educativa precisamos dunha **fluída relación familia-escola**.

Contades co titor/a dos vosos fillos/as e co Departamento de Orientación para apoiarnos en todo o que precisades. O titor debe ser a persoa de referencia e deberíadaes manter unha reunión ao trimestre para informarnos da evolución do voso fillo/a e adoptar conxuntamente as medidas oportunas, de ser necesarias. Debedes confiar nos consellos e orientacións do titor e en caso de dúbida ou calquera inquietude podedes acudir ao DO.